

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E O LICEO DE OURENSE PARA SUBSTITUCIÓN DO MOBILIARIO INDUSTRIAL COA FINALIDADE DE MELLORAR A SÚA EFICIENCIA ENERXÉTICA E A SEGURIDADE DAS PERSOAS.

Dunha parte, José Carlos López Campos, na súa condición de conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, en virtude do seu nomeamento mediante o Decreto 44/2024, do 14 de abril, no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e a súa Presidencia.

Doutra, Francico Javier Casares Mouriño, con NIF 34573766M, na súa calidade de presidente do Liceo de Ourense, con CIF G32004285, actuando en nome e representación da entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas e,

EXPOÑEN:

As dúas entidades son conscientes da necesidade de actuacións de carácter sociocultural que permitan unha adecuada oferta, co obxecto de satisfacer as necesidades en materia cultural.

A Xunta de Galicia ten atribuídas funcións en materia de fomento da cultura, de acordo co establecido no artigo 27.19º do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1º.17ª da Constitución Española. Dentro de ese ámbito competencial, a extinta Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades vén desenvolvendo dende anos atrás unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación, información e promoción da cultura, para achegar o máximo posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.



A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude quere acometer a realización de actividades de promoción e divulgación do patrimonio e da cultura galega; mediante a programación de actuacións de recuperación da nosa cultura preténdese acadar unha maior eficacia na consecución destes obxectivos, por medio do desenvolvemento de actividades culturais e de fomento da cultura en lingua galega. Con este convenio asegúrase a realización de diversas manifestacións da cultura galega levadas a cabo por entidades que a queren dar a coñecer, mediante a súa promoción dentro e fóra do noso país, coa organización de actividades que permitan un maior coñecemento dela.

O Liceo de Ourense é unha entidade de carácter eminentemente cultural, sen ánimo de lucro, para goce dos seus socios e ao servizo da sociedade ourensá e que está situado na rúa Valentín Lamas Carvajal de Ourense.

Foi fundada en 1850 e sitúase nun edificio de 2.500 m², distribuídos en dúas plantas e baixo, estando declarado actualmente Ben de Interese Cultural.

A sede do Liceo de Ourense foi residencia da familia Oca-Sarmiento. É un dos pazos renacentistas máis importante de Galicia e, sen dúbida, o máis destacado da cidade. Pola documentación existente sabemos que Álvaro de Oca e Deza inicia a construción, polo menos, no ano 1522. As obras execútanse durante varios anos, rematándose en 1583 coa fachada que mira á actual rúa de Lamas Carbajal. Orixinariamente era un edificio con planta baixa e primeira, ao que posteriormente se lle engade unha segunda planta. Quizá, o elemento máis característico do seu interior sexa o patio porticado tamén chamado patio de columnas. Tanto no patio interior como na fachada visualízanse cinco escudos de liñaxes galegas nos que se identifican as armas dos Deza, Oca, Zúñiga, Sarmiento, Ribadaneira, Ulloa e Lemos. Entre as obras máis recentes, ademais do corpo ampliado do edificio que acolle a sala de faladoiros ou a terraza que se abre sobre a praza de Bispo Cesáreo, destácase a fonte de mármore de Carrara do escultor Francisco Piñeiro Reigosa (1827-1926), de



finais do século XIX ou as grandes pinturas costumistas do tamén fotógrafo Ramón Buch Buet (1824-1894), que adornan e flanquean o Patio de Columnas.

Esta entidade cultural, ademais de dar servizo aos seus socios que o manteñen coas súas cotas, alberga gratuitamente a unha serie de entidades culturais e benéficas que non terían medios para estar noutro local: Un grupo coral de 50 membros - A Coral do Liceo-, a Sociedade Micolóxica Vos Cogordos, A Sociedade Filatélica e Numismática Miño, A Asociación contra o Cancro e A ONG Valores entre outros. Tamén celebran as súas reunións os Amigos da Vía da Prata, O Club dos Leóns ou os Rotarios, entre outros e sempre sen custo, organizacións sen ánimo de lucro tal cal ocorre co propio Liceo. Todos os días realízanse actos e actividades. O Liceo de Ourense abre ininterrompidamente desde a mañá á noite todos os días do ano, o que permite a moitos socios de avanzada idade ter un lugar de socialización permanente. Durante o ano 2023 o número total de celebracións ascenderon á cifra de 350 o que supuxo un movemento de persoas no seu interior na contorna das 25.000, destacando especialmente: Actos Literarios 38, Ciclos Históricos 7, Faladoiros literarios 4, Concertos 91, exposicións de arte 21, teatro e cinema 19, cursos e talleres 26 etc. O Liceo de Ourense fundou, tamén, no ano 2019 o "FORO LICEO "que, coa colaboración da Universidade, agrupa a 16 colexios profesionais, diversas entidades culturais e asociacións empresariais co obxectivo de debater, estudar e propoñer alternativas que axuden a impulsar a provincia tanto desde o punto de vista social como económico.

Preténdese dar un novo impulso á renovación de toda a actual instalación industrial, substituíndo todo o sistema por novos elementos de alta eficiencia enerxética. Con iso preténdese conseguir un maior aforro enerxético, no seu uso diario, ademais da consecuente redución do impacto ambiental. Este proxecto está encadrado dentro dunha renovación xeral que se está levando a cabo nestes últimos anos, nas instalacións interiores do edificio e que permitirá unha mellor calidade dos servizos prestados aos socios e á sociedade ourensá en xeral.



Trátase de substituír o mobiliario industrial que dá servizo actualmente ao Liceo de Ourense. A finalidade desta substitución é mellorar de forma significativa o seu funcionamento, a súa eficiencia enerxética e a seguridade para as persoas. Todo iso permitirá mellorar o edificio, dentro dunha contorna máis sustentable enerxética e medioambientalmente.

Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común das partes asinantes, que teñen intereses coincidentes, é polo que asinan este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto e actuacións

O convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Liceo de Ourense para o reacondicionamento da zona industrial do Liceo de Ourense con novos equipamentos, co obxectivo de desenvolver a actividade actual nunha contorna de maior seguridade e eficiencia enerxética.

Na intervención que se pretende realizar actuarase da seguinte forma:

📄 Actuacións previas: Retíranse os mobles, electrodomésticos e aveños existentes. Reformarase a instalación de fontanería existente para dar subministración ao novo fregadero, que cambiará de localización respecto de a actual.

📄 Modificación de tabiques de apoio de parte da encimera, para adaptar o espazo dispoñible á colocación dos novos elementos industriais.

Custo total das actuacións: 30.000 € IVE incluído

Actuacións previas	1.200,00 €
Limpeza e revestimentos de ocos existentes	1.100,00 €



Instalación electricidade e fontanería	1.793,39 €
Xestión de residuos	3.500,00 €
Equipamentos	16.000,00 €
Extintores	1.200,00 €

Orzamento de execución material: 24.793,39 €

21,00 % IVE: 5.206,61 €

Total: 30.000,00 IVE incluído

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actuacións. O Liceo de Ourense é unha entidade de carácter cultural, sin ánimo de lucro que da servizo a socios e a entidades culturais e benéficas que non dispoñen dun local para as súas actividades. A sede do Liceo de Ourense foi residencia da familia Oca-Sarmiento. É un dos pazos renacentistas máis importantes de Galicia e, sin duda, o máis destacado da cidade. Pola documentación que existe sábese que Álvaro de Oca e Deza inicia a construción alomenos no ano 1522, rematándose en 1583 coa fachada que mira á actual calle de Lamas Carbajal. O elemento máis característico do seu interior sexa o patio porticado tamén chamado patio de columnas. Tanto no patio interior como na facha visualízanse cinco escudos de linaxes galego nos que se identifican as armas dos Deza, Oca, Zúñiga, Sarmiento, Ribadaneira, Ulloa e Lemos. Para que o edificio poida seguir prestando servizo a persoas, entidades culturais, asociacións, , etc, é necesario proceder á renovación do equipamento actual, conseguindo deste xeito unha maior eficiencia enerxética.

Por todo o anterior é o Liceo de Ourense o que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.



Así mesmo e de acordo coa planificación estratéxica realizada pola Dirección Xeral de Cultura, para o ano 2024, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, a sinatura deste convenio encádrase dentro dos previstos nese plan.

SEGUNDA.- Obrigas do Liceo de Ourense

O Liceo de Ourense comprométese, pola súa parte, a facer constar en toda a publicidade que xeren estas actividades –tanto impresa como audiovisual- a colaboración Xunta de Galicia, para o que utilizará a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia. Así mesmo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 desta norma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en canto non se opoña á lexislación anterior. Con carácter supletorio, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

A beneficiaria deberá dar cumprimento as obrigas de publicidade que se establecen o artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

A beneficiaria ten a obriga de prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.

A beneficiaria deberá presentar certificacións acreditativas do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento débedas coa Administración pública da comunidade autónoma.

A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade



social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 de protección de datos, na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

De acordo co artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, a beneficiaria deberá presentar unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria. Esta declaración deberá presentarse antes da sinatura do convenio.

A beneficiaria comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos. A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude poderá comprobar, cando o considere pertinente, a execución das actividades obxecto deste convenio.

TERCEIRA.- Financiamento e compatibilidade

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude comprométese a aboar a cantidade de 30.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 43.03.432B.781.1, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, código de proxecto 201500372.

Esta cantidade, 30.000 €, trátase dun importe certo, quedando por conta da beneficiaria a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado o financiamento público unicamente no caso e polo importe que supere o custo total e real da actividade, segundo o establecido no artigo 21.2 do Regulamento de subvencións de Galicia.

Non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas



establecidas no orzamento estimado na cláusula primeira, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio.

Conforme o disposto no artigo 40.1.d) do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea e/ou organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada. En caso de superar procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada así como a esixencia do xuro de demora correspondente.

CUARTA.- Xustificación dos gastos e pagamento

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá levarse a cabo de acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007. A data tope de presentación da documentación xustificativa da actividade e, se fora o caso, da xustificación dos gastos que restasen por aboar ata acadar o 100% da contía concedida é o 20 de decembro de 2024

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadan>.

A entidade presentará electronicamente a xustificación da subvención, coa data límite establecida e incluírá a seguinte documentación:



- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións obxecto deste convenio, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. Indicar número de asistentes.
- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas que conterá:
 - ✓ Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor, do importe, data de emisión e data de pagamento.
 - ✓ As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento.
- Unha relación detallada, se é o caso, doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia. No caso de non ter solicitado e/ou non ter recibido outros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, deberán de presentar unha declaración responsable neste sentido.
- Os tributos son gastos subvencionables cando o beneficiario da subvención os abone efectivamente. En ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda. Na xustificación deberase indicar si son ou non susceptibles de recuperación.

A presentación desta información é requisito imprescindible para a tramitación do pagamento, devolvendo toda a xustificación que non o cumpra.

En todo o relativo aos gastos subvencionables deberá cumprirse o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei de contratos do sector público, para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de



diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á solicitude da subvención.

Subcontratación:

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso queda fóra da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incurrir a entidade para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, para efectos desta xustificación consideraranse os gastos realizados durante o ano 2024, dende o 1 de xaneiro ata a data tope de xustificación da axuda, que respondan á natureza da actividade subvencionada.

No caso de que a entidade non xustifique ou a xustificación sexa insuficiente, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento de subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Cando a actividade fose financiada ademais de con esta subvención con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

QUINTA.- Pagamentos anticipados e á conta

O Liceo de Ourense poderá solicitar pagamentos anticipados, por importe máximo de 15.000,00 €, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á



subvención, de conformidade co disposto no artigo 63.1.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de que a entidade solicite pagamentos anticipados deberá presentar unha memoria xustificativa e económica na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar co custo das actividades.

A entidade tamén poderá solicitar pagos á conta, artigo 62 do Regulamento de Subvencións, que responderán ao ritmo de execución das actividades subvencionadas aboándose pola contía equivalente á xustificación presentada.

O importe conxunto de pagos á conta e dos pagos anticipados que se concedan non poderá exceder de 18.000 €.

O artigo 65.1 do Regulamento de subvencións de Galicia establece que os beneficiarios están obrigados á constitución de garantías cando se prevea a posibilidade de realizar pagamentos á conta ou anticipados; o artigo 65.4.i) recolle que quedarán exonerados da constitución de garantía os beneficiarios das subvencións concedidas cando os pagamentos non superen os 18.000 €.

SEXTA.- Comisión mixta de seguimento

Créase unha comisión mixta de seguimento para aclarar as dúbidas derivadas da interpretación e execución deste convenio, formada polo director xeral de Cultura, da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, e polo presidente do Liceo de Ourense.

SÉTIMA.- Causas de resolución e modificación do convenio

O incumprimento de calquera das estipulacións deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión, e así mesmo procederá o reintegro da subvención cando concorra algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.



Segundo o disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico:

“Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade e Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade e financeira.

Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.”

OITAVA.- Publicidade e rexistro do convenio

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, o Liceo de Ourense acepta a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no decreto 126/2006, do 20 de xullo e no decreto 132/2006, do 27 de xullo.



NOVENA.- Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

DÉCIMA.- Administración dixital

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada



e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

DÉCIMO PRIMEIRA.- Xurisdición

En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

DÉCIMO SEGUNDA.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.



DÉCIMO TERCEIRA.- Vixencia

O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2024, sen prexuízo de que se subvencionen as actividades realizadas dende o 1 de xaneiro de 2024.

Ao estaren as dúas partes conformes co pactado, asinan telematicamente este convenio.

O conselleiro de Cultura, Lingua e O presidente do Liceo de Ourense Xuventude

Francico Javier Casares Mouriño

José Carlos López Campos

